

## ANUNCIO COBRAMENTO

No Decreto da Alcaldía 13/2026 de data 20 de xaneiro 2026, aprobouse o padrón fiscal de contribuíntes que se relacionan:

- Prezo público por prestación do servizo de axuda no fogar do mes de decembro de 2025.

**Prazo de ingreso:** O prazo de ingreso en período voluntario será dende o día 20 de xaneiro de 2026 ata o 20 de marzo de 2026 ambos incluídos.

**Modalidade de pagamento:** O importe das débedas poderá ser satisfeito en entidades bancarias, nas contas restrinxidas de Recadación Municipal, de luns a venres, ámbolos dous inclusive, nas que lle será entregado ós suxeitos pasivos ou obrigados ó pagamento o correspondente recibo acreditativo do ingreso. Trancorrido o prazo en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, interese de demora e, no seu caso, as custas que se produzan de acordo co establecido nos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

**Exposición ó público:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do presente Edicto no BOP, a efectos de exame e alegacións, de conformidade co disposto no art. 99,8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o Padrón empezando a contar o prazo dun mes para a interposición do recurso de reposición ante o Sr. Alcalde Presidente. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102,3 da lei xeral tributaria, e o artigo 24 do regulamento xeral de recadación.

**Recursos:** Con carácter postestativo, poderá interpoñer ante o mesmo órgano que ditou esta Resolución, recurso de reposición no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ó da referida notificación, conforme ó disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2018, do 2 de outubro de 2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, advertíndolle que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente e /ou exercer as acción que procedan ante a xurisdicción competente. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer, directamete, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, ou a Sala do Contencioso-Administrativo, durante o prazo de dous meses, contados a partir do día ou da notificación do presente escrito. Infórmase que tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente en defensa dos seus intereses.

Cariño, 20 de xaneiro de 2026

A Alcaldesa

Ana María López Fernández